



CERTIFICADO

EXPEDIENTE NÚM.	ÓRGANO COLEXIADO	DATA DA SESIÓN
4014/2022	La Junta de Gobierno Local	31/10/2022

Alejandro Maseda Mallo, como Secretario deste Concello, en cumprimento das obrigas recollidas para o órgano de Secretaría no artigo 3.2 letra f) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional,

CERTIFICA, baixo a condición e reserva prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, que a Xunta de Goberno Local deste Concello na sesión indicada, segundo consta na acta correspondente, entre outros adoptou o seguinte acordo:

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO E UN ÚNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN, PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE “MADRUGADORES NOS CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DO CONCELLO DE VILALBA”. EXPEDIENTE 4014/2022.

Favorable Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Asunto: Aprobación do Expediente de contratación mediante procedemento aberto simplificado (art 159 de la LCSP) e un único criterio de adxudicación, para a prestación do servizo de “Madrugadores nos centros de educación infantil e primaria do Concello de Vilalba”.

Expte. 4014/2022.

Vista a memoria xustificativa do contrato elaborada por esta Alcaldía en data 26 de outubro de 2022 en relación á contratación mediante procedemento aberto simplificado e un único criterio de adxudicación, para a prestación do servizo de **“Madrugadores nos centros de educación infantil e primaria do Concello de Vilalba”**, cun valor estimado do contrato de 78.592,12€ (IVE excluído) para unha duración do contrato de 1 ano +1 +1 anos de posibles prórrogas segundo o establecido o Prego de Cláusulas Administrativas e conforme ao seguinte presuposto base de licitación:

O orzamento máximo anual de licitación é de **21.831,14€** (exento de IVE).





De acordo con o establecido no artigo 100.2 da LCSP, achégase desagregación do orzamento base de licitación:

	CURSO 22-23	CURSO 23-24	CURSO 24-25	CUSTO MEDIO
CUSTOS PERSOAL	13.266,16	13.464,28	13.464,28	13.398,24
OUTROS CUSTOS	4.190,00	4.204,67	4.219,38	4.204,68
TOTAL CUSTOS	17.456,16	17.668,95	17.683,66	17.602,92
GASTOS XERAIS	2.967,55	3.003,72	3.006,22	2.992,50
Bº INDUSTRIAL	1.225,42	1.240,36	1.241,39	1.235,73
TOTAL CUSTOS	21.649,13	21.913,03	21.931,28	21.831,14
CUSTO DÍA	121,62	123,11	123,21	122,65
CUSTO DÍA/AULA	40,54	41,04	41,07	40,88

Visto que figura no expediente informe de Secretaría, Prego de prescricións técnicas e Prego de cláusulas administrativas confeccionado polo departamento de contratación.

Visto o establecido nos artigos 116 e 117 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e en base aos exposto a Xunta de Goberno Local, en virtude da competencia que lle foi delegada mediante Decreto da Alcaldía nº 684, de 29 de outubro de 2021, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Vista a proposta de resolución PR/2022/131 de 28 de outubro de 2022 fiscalizada favorablemente con data de 28 de outubro de 2022.

RESOLUCIÓN

Primeiro. Incoar o expediente de contratación de referencia, quedando xustificada a necesidade do contrato en base ao recolleito na memoria xustificativa do contrato elaborada por esta Alcaldía en data 26 de outubro de 2022, debendo proseguirse a tramitación conforme ao que establecen os artigos 116, 117 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria e un único criterio de adxudicación .

Segundo. Aprobar o expediente de contratación mediante procedemento aberto simplificado e un único criterio de adxudicación, para a prestación do servizo de **“Madrugadores nos centros de educación infantil e primaria do Concello de Vilalba”**, cun valor estimado do contrato de 78.592,12€ (IVE excluído) para unha duración do contrato de 1 ano +1 +1 anos de posibles prórrogas segundo o establecido o Prego de Cláusulas Administrativas e conforme ao seguinte orzamento base de licitación:

O orzamento máximo anual de licitación é de **21.831,14€** (exento de IVE).





De acordo con o establecido no artigo 100.2 da LCSP, achégase desagregación do orzamento base de licitación:

	CURSO 22-23	CURSO 23-24	CURSO 24-25	CUSTO MEDIO
CUSTOS PERSOAL	13.266,16	13.464,28	13.464,28	13.398,24
OUTROS CUSTOS	4.190,00	4.204,67	4.219,38	4.204,68
TOTAL CUSTOS	17.456,16	17.668,95	17.683,66	17.602,92
GASTOS XERAIS	2.967,55	3.003,72	3.006,22	2.992,50
Bº INDUSTRIAL	1.225,42	1.240,36	1.241,39	1.235,73
TOTAL CUSTOS	21.649,13	21.913,03	21.931,28	21.831,14
CUSTO DÍA	121,62	123,11	123,21	122,65
CUSTO DÍA/AULA	40,54	41,04	41,07	40,88

Terceiro. Aprobar o gasto por importe de 21.831,14€ imputable á aplicación orzamentaria 3260/22799 do orzamento municipal correspondente á anualidade do contrato que quedarán condicionadas á existencia de consignación orzamentaria adecuada e suficiente do mesmo xeito que as posibles prórrogas:

Cuarto. Aprobar os Pregos de cláusulas administrativas particulares, os Pregos de de prescricións técnicas e a memoria económica elaborados polos servizos técnicos deste Concello e que rexerán a presente contratación.

Quinto. Proceder á apertura do procedemento de contratación do presentes contrato por procedemento aberto harmonizado para que no prazo de 15 días naturais a contar desde a data da súa publicación a través dos servizos de licitación electrónica da Plataforma de Contratación do Sector Público, tal e como se explicita no PCAP do contrato.

Sexto. Designar responsable do contrato, de conformidade co establecido no artigo 62.2 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, á Asesora Xurídica (directora do CIM) dona Ana Berta Pardo Gil.

Sétimo Dar conta deste acordo aos servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a aqueles terceiros interesados que obren no expediente.

E para que así conste e aos efectos oportunos firmo o presente documento, co visto e praxe da Alcaldesa da Corporación.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

